

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i> CONTI1DR	<i>Expediente</i> CON/213/2009	<i>Fecha</i> 28-10-09 10:38

PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARA A CONTRATACIÓN DE SEGURO DE ASISTENCIA SANITARIA PARA OS EMPREGADOS PÚBLICOS DO EXCMO. CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.

PRIMEIRA.- OBXECTO DO CONTRATO

É obxecto do presente contrato a contratación do servizo de asistencia sanitaria, para os funcionarios (con ingreso anterior ó 01 de abril de 1993), así como dos seus respectivos beneficiarios co alcance, contido e requisitos previstos nos pregos de prescricións técnicas.

O presente contrato contén a seguinte codificación segundo a nomenclatura da Clasificación Nacional de Produtos por Actividades (CNPA-2002), recollidas no Regulamento CEE N^o 204/2002 da Comisión, de 19 de decembro de 2001, polo que se modifica o Regulamento CEE N^o 3696/93 do Consello, de 29 de outubro de 1993, relativo á clasificación estadística de produtos por actividades (CPA) na Comunidade Económica Europea.:

66 - SERVICIOS DE SEGUROS E PLANS DE PENSIÓNS, EXCEPTO OS SEVICIOS DE SEGURIDADE SOCIAL OBRIGATORIOS..... - -
66.03 - Servizos de outros seguros..... - -
66.03.12-.....Servizos de seguros de enfermidade.....-.....-

O presente contrato contén a seguinte codificación segundo a nomenclatura da Clasificación de Produtos por Actividades (CPV), recollida no Regulamento (CE) N^o 213/2008 da Comisión de 28 de novembro de 2007 que modifica o Regulamento (CE) N^o 2195/2002 do Parlamento Europeo e do Consello, polo que se aproba o Vocabulario común de contratos públicos (CPV), e as Directivas 2004/17/CE y 2004/18/CE do Parlamento Europeo e do Consello sobre os procedementos dos contratos públicos, no referente á revisión do CP:

66512200-4 Servizos de seguros de asistencia médica

SEGUNDA.- NATUREZA E RÉXIME XURÍDICO DO CONTRATO.

Ao contrato élle de aplicación a Lei 30/2007, de 30 de outubro de contratos do sector público xa que o Excmo. Concello de Santiago de Compostela é unha das entidades recollidas no seu art. 3.1.a.

O obxecto do contrato non está excluído da aplicación da LCSP xa que non figura en ningún dos supostos recollidos no seu art. 4.

Para a lexislación aplicable deberán terse en conta as seguintes disposicións:

- Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i> CONTI1DR	<i>Expediente</i> CON/213/2009	<i>Fecha</i> 28-10-09 10:38

- Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos del sector público(LCSP).
- Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RXLCAP).
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenrola parcialmente a Lei 30/2007 de outubro, de Contratos do Sector Público
- Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.
- Lei 31/95 de Prevención de riscos laborais (LPRL) e os seus regulamentos
- Real Decreto Lexislativo 6/2004, de 29 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de ordenación e supervisión dos seguros privados
- Lei 50/1980, de 8 de outubro, de Contratos de Seguros,
- R.D. 2486/1998, polo que se aproba o Regulamento de ordenación e supervisión dos seguros privados

O contrato ao que se refire o presente Prego ten natureza privada, en virtude do disposto nos artigos 19.1.a e 20 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (LCSP), e rexirase en canto a súa preparación e adxudicación polo establecido na citada Lei, e en canto non se opoña á mesma, polo recollido no Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da LCSP, aplicándose supletoriamente as restantes normas de Dereito Administrativo, e no seu defecto as normas de Dereito Privado.

En canto aos seus efectos e extinción, a orde xurisdiccional competente para resolver as cuestións litixiosas será a orde xurisdiccional civil, así o presente contrato rexirase polas cláusulas comprendidas neste prego, e polas establecidas no prego de prescricions técnicas, pola póliza do contrato e os suplementos pactados entre a Excmo. Concello de Santiago de Compostela e a Entidade Aseguradora, polo disposto na Lei 50/1980, de 8 de outubro, de Contratos de Seguros, e as súas disposicións de desenrolo, polo R.D.L. 6/2004, de 29 de outubro, que aproba o Texto Refundido da Lei de Ordenación e Supervisión dos Seguros Privados, polo R.D. 2486/1998, polo que se aproba o Regulamento de Ordenación e Supervisión dos Seguros Privados e por calquera outra normativa que resulte aplicable ao contrato en cuestión.

Non obstante ao carácter imperativo que poidan ter determinados preceptos legais ou regulamentarios, entenderanse válidas as cláusulas contractuais contidas nas condicións particulares e xerais que señan máis beneficiosas para o tomador ou asegurado segundo se recolle no artigo 2 da Lei 50/1980, de 8 de outubro, de contratos de seguros.

O licitador, polo feito da súa presentación ao presente procedemento de contratación, acepta de forma expresa o establecido neste Prego e no de prescricions técnicas, que formarán parte integrante do contrato.

TERCERA.- PRAZO DE DURACIÓN DO CONTRATO.

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i> CONTI1DR	<i>Expediente</i> CON/213/2009	<i>Fecha</i> 28-10-09 10:38

4.1. De acordo co disposto nos artigo 23 da LCSP o presente contrato terá unha duración DUN ANO a contar dende a data de sinatura do contrato, podendo ser obxecto de prórrogas anuais, por mutuo acordo das partes, sen que a duración total do contrato, incluídas as prórrogas, poida exceder de SEIS ANOS.

Para estes efectos, o adxudicatario poderá solicitar do Excmo. Concello de Santiago de Compostela a correspondente prórroga e farao, como mínimo, TRES meses antes do remate do prazo contractual ou prorrogado. O Excmo. Concello de Santiago deberá resolver expresamente.

4.2. De sufriren variación importante as taxas ou condicións do contrato ou de darse a causa recollida no apartado 4.3 seguinte, e no suposto de que o Concello de Santiago de Compostela non acepte renovar nas novas condicións propostas, a entidade ou entidades aseguradoras virán obrigadas a prorrogar o contrato en vigor por un tempo non inferior a un mes nin superior a 3 meses nas condicións de taxa e cobertura, proporcionalmente ao tempo prorrogado, ata que o Concello de Santiago convoque para este efecto outro novo procedemento para a adxudicación dun novo contrato.

4.3 O contrato ou os contratos poderán ser denunciados por calquera das partes contratantes con TRES meses de antelación ao vencemento anual, sen prexuízo das eventuais causas de resolución que legalmente concorran. Neste suposto, a Administración poderá aplicar a prórroga prevista no apartado 4.2, se o entende necesario.

CUARTA.- ADMINISTRACIÓN DO CONTRATO

O presente contrato contará coa mediación e asesoramento do Corredor de seguros designado a tales efectos polo Excmo. Concello de Santiago no momento da adxudicación do mesmo.

QUINTA.- ÓRGANO DE CONTRATACIÓN

O órgano de contratación que actúa en nome do Concello de Santiago, é a Xunta de Goberno, no que se refire á aprobación dos pregos de prescricións técnicas e cláusulas administrativas.

O mencionado órgano ten facultade para adxudicar o correspondente contrato e, en consecuencia, ostenta as prerrogativas de interpretar, resolver as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento, modificalo por razóns de interese público, acordar a súa resolución e determinar os efectos desta, con suxeición á normativa aplicable. Os acordos que a este respecto dite serán executivos, sen prexuízo do dereito do contratista á súa impugnación ante a Xurisdición competente.

SEXTA.- CAPACIDADE E SOLVENCIA DO EMPRESARIO. APTITUDE PARA CONTRATAR CO EXCMO. CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.

Están facultados para tomar parte no procedemento e contratar co Excmo. Concello de Santiago, as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar, e

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i> CONTI1DR	<i>Expediente</i> CON/213/2009	<i>Fecha</i> 28-10-09 10:38

conten coa habilitación empresarial ou profesional que, no seu caso, sexa esixible para a realización da actividade ou prestación que constitúe o obxecto do contrato, tal e como establece o artigo 43.2 da LCSP.

Poderán concurrir por sí ou por medio de representantes debidamente autorizados as Entidades Aseguradoras autorizadas legalmente para operar na rama a que se refire a presente contratación, que posean os requisitos e as condicións que, para o exercicio da actividade aseguradora, se contemplan na Ley de Ordenación e Supervisión dos Seguros Privados e que, tendo plena capacidade de obrar, no se atopen comprendidas en ningunha das circunstancias que enumeran no artigo 49 da LCSP e que, ademáis reúnan os requisitos de solvencia económica, financeira, técnica e profesional requeridos conforme aos artigos 63,64,67 e 68 da LCSP.

Poderán así mesmo, presentar proposicións as unións de empresarios que se constitúan temporalmente de conformidade co artigo 48 do LCSP, sen que sexa necesaria a formalización das mesma as en escritura pública ata que se teña efectuada a adxudicación provisional do contrato o seu favor.

Os empresarios que concorran agrupados en unións temporais quedarán obrigados solidariamente e deberán nomear un representante ou apoderado único da unión con poderes bastantes para exercitar os dereitos e cumprir as obrigas que do contrato se deriven ata extinción do mesmo.

A efectos da licitación os empresarios que desexen concorrer integrados nunha unión temporal deberán indicar os nomes e circunstancias dos que a constitúen e a participación de cada un, así como que asumen o compromiso de constituírse formalmente en unión temporal no caso de resultar adxudicatarios do contrato.

SÉTIMA .- VALOR ESTIMADO DO CONTRATO

Aos efectos do disposto no art. 76 da LCSP o valor estimado do contrato está determinado polo importe total do mesmo (contrato exento de IVE).

Aplicado a un colectivo previsto de 830 persoas (incluídos beneficiarios), o importe máximo de licitación ascende a 283.000 euros/ano, impostos incluídos.

Os licitadores realizarán ofertas nas que, sen exceder o prezo máximo indicado, se estableza o importe da prima mensual por persoa asegurada en atención ós seguintes tramos:

- De 700 a 750 asegurados ----- euros/persona/mes.
- De 751 a 800 asegurados ----- euros/persona/mes.
- De 801 a 850 asegurados ----- euros/persona/mes.

A partida orzamentaria con cargo á que irá o gasto derivado deste contrato é a 3140016006.

A Corporación Municipal comprométese a incluír nos orzamentos xerais do ano 2010 e seguintes o importe correspondente ó prezo do contrato.

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i> CONTI1DR	<i>Expediente</i> CON/213/2009	<i>Fecha</i> 28-10-09 10:38

De conformidade co sinalado no artigo 94.2 da LCSP, trátase dun expediente anticipado de gasto.

OITAVA.- REVISIÓN PREZOS

No caso de prorrogarse o contrato poderá ser obxecto de revisión de prezos de acordo co disposto no artigo 77 da LCSP, establecéndose como fórmula de revisión a variación que experimente o IPC, coa finalidade de manter o equilibrio financeiro do contrato e a fin de non causar prexuízo a ninguna das partes do contrato. En aplicación do disposto no artigo 78.3 da LCSP, a revisión non poderá superar o 85% da variación experimentada polo referido IPC.

NOVENA.- GARANTÍAS ESIXIBLES NA CONTRATACIÓN.

O réxime de garantías a aplicar no presente procedemento será a seguinte:

Garantía definitiva. O empresario que resulte adxudicatario provisional do contrato virá obrigado a constituír unha garantía definitiva, por un importe do 5% do importe de adxudicación, excluído o IVE no prazo máximo de 15 días hábiles contados dende o día seguinte a partir da publicación da adxudicación. De non cumprirse este requisito por causa imputable ao adxudicatario, declararase resolto o contrato.

A garantía definitiva poderá prestarse en algunha das formas sinaladas no artigo 84.1 da LCSP cos requisitos establecidos no artigo 55 e seguintes do RXLCAP.

DÉCIMA.- PROCEDEMENTO E FORMA DE ADXUDICACIÓN.

O presente contrato adxudicarase polo procedemento aberto e selección da oferta economicamente máis vantaxosa regulado polos artigos 122.2, 134 e 141 da LCSP, de acordo cos principios de igualdade e transparencia recollidos no artigo 123 da LCSP.

DÉCIMO PRIMERA.- PUBLICIDADE DO PROCEDEMENTO

O presente procedemento estará suxeito ao seguinte réxime de publicidade:

- a) Convocatoria de licitación. Segundo dispón o artigo 126 da LCSP, publicarase no Diario Oficial da Unión Europea, no Boletín Oficial do Estado (en adiante BOE), no Boletín Oficial da Provincia e no perfil do contratante do Excmo. Concello de Santiago de Compostela.
- b) Adxudicación provisional. De acordo co previsto nos artigos 42 e o 135.3 da LCSP, a adxudicación provisional será publicada no perfil do contratante do Excmo. Concello de Santiago de Compostela.
- c) Adxudicación definitiva. De acordo co disposto no artigo 138.2 a adxudicación definitiva publicarase no Diario Oficial da Unión Europea, no BOE e no perfil do contratante.

DÉCIMO SEGUNDA.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS PROPOSICIÓNS

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i> CONTI1DR	<i>Expediente</i> CON/213/2009	<i>Fecha</i> 28-10-09 10:38

Segundo establece o artigo 143 da LCSP, o prazo de presentación de proposicións será de 40 días naturais, contados dende a data de envío de anuncio do contrato ó Diario Oficial da Unión Europea.

DÉCIMO TERCERA.- PROPOSICIÓN DOS INTERESADOS

A documentación para as licitacións preséntanse en dous (2) sobres pechados identificados no seu exterior coa seguinte descripción: **CONTRATACIÓN DE SEGURO DE ASISTENCIA SANITARIA PARA OS EMPREGADOS PÚBLICOS DO EXCMO. CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA CON/213/2009**, e asinados polo licitador ou a persoa que os represente con indicación do nome e apelidos ou razón social da empresa, teléfono e fax e, no seu caso, no correo electrónico. No interior de cada sobre farase constar en folla independente o seu contido, enunciado numericamente.

Os sobres denominaranse coas letras (A), DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA, e (B), OFERTA TÉCNICA.

Os sobres de que consta a proposición presentaranse, durante o prazo sinalado na cláusula décimo segunda antes sinalada, no Rexistro Xeral do Excmo. Concello de Santiago de Compostela, en horario de 9:00 a 14:00 horas, de luns a sábados (non festivos), ou ben enviaranse por correo. No suposto de que o último día de presentación das proposicións coincidira en festivo, prorrogarase ao seguinte día hábil.

Cando as proposicións se envíen por correo, o empresario deberá xustificar a data de realización do envío e anunciarlle ao órgano de contratación a remisión da oferta mediante télex, telegrama ou fax no mesmo día. Sen a concorrencia de ambos os dous requisitos, non será admitida a proposición se é recibida polo órgano de contratación con posterioridade á data de remate do prazo sinalado no anuncio. Transcorridos, non obstante, 10 días naturais dende a data referida sen recibir a proposición, esta non será admitida en ningún caso.

Faise constar expresamente a non admisibilidade de variantes ou alternativas nas proposicións por tratarse dun contrato cun obxecto perfectamente determinado.

A presentación das proposicións farase de acordo co disposto no artigo 80 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro polo que se aproba o regulamento xeral da LCAP e farase en dous sobres, denominados (A) e (B) e axustarase aos requisitos esixidos no presente prego. A oferta económica realizarase de acordo con modelo que figura como ANEXO I.

DÉCIMO CUARTA.- PRESENTACIÓN DA DOCUMENTACIÓN ACREDITATIVA DO CUMPRIMENTO DE REQUISITOS PREVIOS

O sobre denominado (A), documentación administrativa, conterá, como mínimo, os seguintes documentos:

- Acreditativos da personalidade do licitador, que poderán ser:
-

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i> CONTI1DR	<i>Expediente</i> CON/213/2009	<i>Fecha</i> 28-10-09 10:38

- a) DNI do licitador, se se trata de empresario individual, ou escritura de constitución se se trata dunha sociedade, debidamente inscrita no seu correspondente rexistro.
- b) Poder bastantado: os que comparezan ou asinen proposicións representando a outra persoa ou entidade presentarán poder debidamente bastantado pola Vicesecretaría Xeral da Excmo. Concello de Santiago de Compostela. Para isto, presentárase orixinal e fotocopia nas oficinas referidas, cunha anterioridade mínima de dous días hábiles á data de remate do prazo de presentación das proposicións, de 9:00 a 14:00 horas, de luns a venres. Se a empresa fose persoa xurídica, o poder deberá estar debidamente inscrito no Rexistro Mercantil.

Declaración responsable do licitador, na que se faga constar que non se atopa incurso en ningunha das prohibicións para contratar co Excmo. Concello de Santiago de Compostela previstas no artigo 49 da LCSP e de que se atopa ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias -incluídas tamén coa Excmo. Concello de Santiago de Compostela- e de Seguridade Social contempladas nos artigos 13 e 14 do regulamento xeral que desenvolve a LCAP, na que se faga constar expresamente que a entidade non incurriu en ningunha das causas previstas no Real Decreto Lexislativo 6/2004, de 29 de outubro, polo que se aproba o texto refundidoda Lei de ordenación e supervisión dos seguros privados para a disolución e revocación da autorización administrativa .

Cando se trate de empresas de Estados membros da Unión Europea ou signatarios do Acordo sobre o Espazo económico europeo e esta posibilidade estea prevista na lexislación do Estado respectivo, poderá tamén substituírse por declaración responsable ante unha autoridade xudicial.

A solvencia técnica e profesional dos licitadores deberá acreditarse mediante a presentación da correspondente autorización administrativa do Ministerio de Economía e Facenda que acredite que está autorizado pola Dirección Xeral de Seguros para actuar como entidade aseguradora para operar no ramo a que se refire a presente contratación, así como unha relación dos principais contratos similares ao da licitación, mantidos no último ano

Ao tratarse dun contrato suxeito a regulación harmonizada, a solvencia económica e financeira do empresario, tal e como establece o artigo 64 da LCSP poderá acreditarse por un ou varios dos medios que se indican no citado artigo.

O cumprimento das obrigas tributarias pode substituírse por certificacións expedidas pola Axencia Tributaria e a Excmo. Concello de Santiago de Compostela, respectivamente segundo se trate de tributos estatais ou provinciais e das obrigas de Seguridade Social mediante certificación expedida pola Tesourería xeral da Seguridade Social.

Xustificante de atoparse de alta no Imposto de Actividades Económicas así como declaración xurada de non ter causado baixa no epígrafe correspondente. No caso de estar obrigado ao pagamento do imposto, copia do último recibo.

Xustificante de constitución da fianza provisional, a cal consistirá en aplicarlle o 3% ao presuposto do contrato.

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i> CONTI1DR	<i>Expediente</i> CON/213/2009	<i>Fecha</i> 28-10-09 10:38

Os documentos a que se refire esta cláusula poderán ser orixinais ou presentarse mediante copia autenticada por notario, polo xefe do Rexistro Xeral do Concello ou funcionario habilitado ao efecto.

No caso de que as propostas fosen presentadas por empresas estranxeiras, ademais de cumprir o establecido nos artigos 44 e 47 da LCSP, segundo sexan empresas non pertencentes á Unión Europea ou empresas comunitarias.

Os licitadores estranxeiros presentarán os documentos que teñan que aportar traducidos de forma oficial en calquera dos idiomas galego ou castelán.

O sobre denominado (B), conterá a proposición económica do licitador (Importe da prima mensual por persoa asegurada e importe anual aplicado a un colectivo previsto de 830 persoas), así como a documentación acreditativa dos restantes criterios de adxudicación a que se refire a cláusula décimo séptima deste prego.

DÉCIMO QUINTA.- MESA DE CONTRATACIÓN.

De conformidade co previsto no artigo 295 da LCSP, asistirá ao órgano de contratación.

PRESIDENTE: A concelleira delegada de Réxime Interior ou, no seu defecto, calquera outro membro no que, expresamente delegue o Alcalde.

VOCAIS: Un representante de cada grupo político municipal
A xefe de servizo de persoal
A xefe de servizo de contratación
O Director da Asesoría xurídica
A interventora municipal

SECRETARIO: O xefe da sección de contratación

DÉCIMO SEXTA.- CLASIFICACIÓN DAS OFERTAS E ADXUDICACIÓN PROVISIONAL DO CONTRATO.

O acto público de apertura das proposicións presentadas realizarase no prazo máximo de catro días hábiles dende a data de finalización do prazo para presentar as ofertas procedéndose previamente, pola mesa de contratación, á apertura e cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos (sobre A).

Este acto público anunciarase no perfil de contratante do Concello de Santiago de Compostela.

Unha vez cualificada a documentación sinalada no parágrafo anterior procederase a determinar as empresas que acreditaron o cumprimento dos citados requisitos sinalados na base décimo quinta e

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i> CONTI1DR	<i>Expediente</i> CON/213/2009	<i>Fecha</i> 28-10-09 10:38

pronunciarse expresamente sobre os admitidos a licitación, rexeitados e sobre as causas do seu rexeitamento.

Realizadas as actuación anteriores, a Mesa de Contratación procederá á apertura das ofertas e á súa valoración de acordo cos criterios sinalados na cláusula décimo sétima.

Unha vez realizada dita valoración procederá a efectuar a proposta de adxudicación provisional ao órgano de contratación.

A proposta de adxudicación non crea dereito algún a favor do licitador proposto fronte á administración. Non obstante cando o órgano de contratación non adxudique o contrato de acordo ca proposta formulada deberá motivar a súa decisión.

A adxudicación provisional será efectuada polo órgano competente a proposta da Mesa de Contratación, unha vez obtidos, de ser o caso, os informes técnicos necesarios. A adxudicación provisional recaerá sobre a proposta que resulte economicamente mais vantaxosa, en apreciación do seu conxunto.

A adxudicación provisional deberase realizar nun prazo máximo de dous meses a contar dende a apertura das proposicións.

Unha vez notificada aos candidatos e publicada no perfil do contratante a adxudicación provisional, o adxudicatario, nun prazo máximo de quince días hábiles, prazo mínimo obrigatorio que tamén debe transcorrer para a elevación a definitiva, deberá presentar a seguinte documentación:

a) a documentación xustificativa de atoparse ao corrente do cumprimento das súas obrigas tributarias e coa seguridade social.

b) a documentación acreditativa da efectiva disposición dos medios que se comprometeran a dedicar ou a adscribir a execución do contrato

d) A acreditación da constitución da garantía definitiva procedente, taxas pola formalización do contrato, timbres municipais e gastos de publicidade da licitación.

DÉCIMO SÉTIMA.- CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN

a) Importe da prima mensual por persoa asegurada: ata 30 puntos

Puntuaranse as ofertas proporcionalmente á baixada ofertada, de acordo coa seguinte fórmula:

$$P_o = POE * \frac{(OL - O_i)}{(OL - O_b)}$$

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i> CONTI1DR	<i>Expediente</i> CON/213/2009	<i>Fecha</i> 28-10-09 10:38

Onde:

Po = puntuación da oferta

POE = puntuación da oferta económica (30)

OL = orzamento de licitación (prima máxima)

Oi = prima da oferta presentada

Ob = prima máis baixa das ofertas presentadas

b) Melloras nas prestacións e servizos sanitarios: ata 25 puntos

As melloras deberán estar avaliadas economicamente. Valoraranse de conformidade coa seguinte fórmula matemática:

$$P_i = \frac{(V_i * 25)}{V_{max}}$$

V_{MAX} = Valor máximo.

V_i = Valor da oferta i que se valora.

P_i = Puntuación de la oferta i.

c) Amplitude do Cadro Médico: ata 20 puntos

$$P_i = \frac{(N^{\circ}_i * 20)}{N^{\circ}_{max}}$$

N_{MAX}^o = Número máximo de profesionais adscritos ao obxecto do contrato de entre todas as ofertas presentadas.

N_i^o = N^o de profesionais médicos adscritos á execución do contrato da oferta i que se valora.

P_i = Puntuación de la oferta i.

d) Instalacions e establecementos sanitarios propios ou concertados na cidade: ata 20 puntos

$$P_i = \frac{(N^{\circ}_i * 20)}{N^{\circ}_{max}}$$

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i> CONTI1DR	<i>Expediente</i> CON/213/2009	<i>Fecha</i> 28-10-09 10:38

N°_{MAX} = N^o de establecementos sanitarios na cidade do licitador que máis establecementos teña.

N°_i = N^o de establecementos sanitarios na cidade da oferta i que se valora.

P_i = Puntuación de la oferta que se valora

e) Rede de centros de cobertura ofertados a nivel nacional: ata 5 puntos

$$P_i = \frac{(N^{\circ}_i * 5)}{N^{\circ}_{max}}$$

N°_{MAX} = N^o de establecementos sanitarios a nivel nacional do licitador que máis establecementos teña no ámbito nacional.

N°_i = N^o de establecementos sanitarios a nivel nacional da oferta i que se valora.

P_i = Puntuación de la oferta que se valora

Sínálase a preferencia na adxudicación para as proposicións presentadas por aquelas empresas que acrediten ter na súa guía un número de traballadores minusválidos non inferior ao 2%, sempre que ditas proposicións igualem nos seus termos ás máis vantaxosas desde o punto de vista dos criterios obxectivos que serven de base para a adxudicación.

O órgano de contratación non poderá declarar deserta unha licitación cando exista algunha oferta ou proposición que sexa admisible de acordo cos criterios que figuren no prego según o artigo 135 da LCSP

DÉCIMO OITAVA.- ADXUDICACIÓN DEFINITIVA DO CONTRATO.

A adxudicación provisional deberase elevar a definitiva dentro dos dez días hábiles seguintes a aquel no que expire o prazo de quince días sinalado na cláusula décimo sexta, sempre que o adxudicatario provisional presentase a documentación esixida.

Cando non proceda a adxudicación definitiva do contrato por que o licitador que resultara adxudicatario provisional non cumprise as condicións necesarias para elo, antes de proceder a unha nova convocatoria, o Excmo. Concello de Santiago de Compostela poderá efectuar unha nova adxudicación provisional o licitador ou licitadores seguintes a aquel por a orde na que quedaran clasificadas a súas ofertas, sempre que elo fose posible e que o novo adxudicatario prestara a súa conformidade e cuxo caso concederáselle un prazo de dez días hábiles para presentar a documentación esixida na cláusula anterior.

A adxudicación definitiva do contrato, que en todo caso terá que ser motivada, notificaráselle os candidatos ou licitadores.

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i> CONT11DR	<i>Expediente</i> CON/213/2009	<i>Fecha</i> 28-10-09 10:38

DÉCIMO NOVENA.- FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.

Acordada a adxudicación definitiva do contrato, procederase a efectuar a correspondente notificación ao adxudicatario para que dentro do prazo dos 10 días hábiles se persone nas dependencias do Excmo. Concello de Santiago de Compostela, co obxecto de proceder a formalización do contrato en documento administrativo, sen este requisito non poderá iniciar a súa execución.

O documento administrativo de formalización do contrato constitúe título suficiente para acceder a calquera rexistro público, podendo, non obstante, elevarse a escritura pública cando o solicite o contratista, sendo á súa costa os gastos derivados do seu outorgamento.

Cando por causas imputables ao adxudicatario non puidese formalizarse o contrato, a Administración poderá acordar a súa resolución, previa audiencia de aquel, con incautación da garantía provisional e a indemnización dos danos e prexuízos ocasionados.

VIXÉSIMA.- EXECUCIÓN DO CONTRATO.

A execución do contrato realizarase a risco e ventura do contratista e a asistencia sanitaria dos funcionarios, persoal pasivo e resto dos empregados públicos provinciais executaranse con estrita suxeición ás cláusulas estipuladas neste prego e conforme ás instrucións que, en interpretación técnica desta, dera ao contratista o responsable do contrato.

Corresponde ao Concello interpretar e resolver este contrato. Asimesmo corresponderán ó Concello as potestades de interpretación, executividade e executoriedade.

A administración, asesoramento e xestión do contrato será realizada polo mediador asignado polo Excmo. Concello de Santiago de Compostela a tales efectos. Todo o proceso administrativo, tratamento e resolución de sinistros e calquera tema relacionado co presente contrato, deberá remitirse ao servizo de mediación e asesoramento designado polo Concello

VIXÉSIMO PRIMEIRA.- CESIÓN DO CONTRATO E SUBCONTRATACIÓN

Os dereitos e obrigas dimanantes do contrato non poderán ser cedidos a un terceiro xa que de acordo co disposto no artigo 209 da LCSP, as cualidades técnicas do contratista serán determinantes na adxudicación do contrato.

O servizo obxecto deste contrato non é susceptible de ser subcontratado polo contratista adxudicatario.

VIXÉSIMO SEGUNDA.- OBRIGAS DO CONTRATISTA

Ademais do cumprimento do obxecto do contrato nos termos establecidos no prego de cláusulas administrativas e no prego de prescricións técnicas de acordo co contido da súa oferta, o contratista virá obrigado a:

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i> CONTI1DR	<i>Expediente</i> CON/213/2009	<i>Fecha</i> 28-10-09 10:38

1. Aboar os gastos e impostos derivados dos anuncios oficiais de licitación, de formalización de contrato e as taxas que resulten de aplicación, segundo as disposicións vixentes, na forma e contía que estas sinalen.
 2. Aboar todo xénero de tributos estatais, locais e autonómicos e a solicitar a concesión das autorizacións e licenzas que lle fosen necesarias das administracións ou organismos públicos ou privados, sendo da súa conta as xestións e gastos que se ocasionen.
 3. Cumprir as disposicións vixentes en materia de protección da industria.
 4. Cumprir as disposicións vixentes en materia laboral, de seguridade social e de seguridade e hixiene no traballo e de prevención de riscos laborais
 5. Adoptar as medidas necesarias, tanto de carácter técnico como organizativo que garantan a seguridade dos datos que lles sexan facilitados ou aos que teñan acceso coa fin de evitar a súa alteración, uso inadecuado, perda, tratamento e acceso non autorizado, e a gardar sixilo e segredo profesional aínda despois de rematar a relación co Excmo. Concello de Santiago de Compostela.
- O incumprimento destas obrigas por parte do contratista ou a infracción das disposicións sobre seguridade por parte do persoal técnico designado por el, non implicará responsabilidade ningunha para a Administración contratante.

VIXÉSIMO TERCEIRA.- RESPONSABILIDADE DO ADXUDICATARIO E OBRIGAS ESPECIAIS.

O adxudicatario asumirá a total responsabilidade da execución do contrato fronte ao Excmo. Concello de Santiago de Compostela, axustándose estritamente ao presente prego e demais aspectos contractuais.

O persoal propio da empresa adxudicataria non terá vinculación laboral, administrativa nin de calquera outra modalidade co Excmo. Concello de Santiago de Compostela.

O contratista adxudicatario estará obrigado a gardar sixilo sobre o contido do contrato e a non facer uso dos datos que coñeza ou dos que dispoña, para outras finalidades que o obxecto da contratación.

Serán de conta do adxudicatario os gastos de inserción de anuncios, tanto en diarios oficiais como en prensa.

En caso de que o adxudicatario teña a súa residencia fóra do termo municipal de Santiago de Compostela, con carácter fixo, deberá designar unha persoa nesta localidade que ostente a súa representación legal para todo canto se relacione co obxecto do contrato.

Poderán impoñerse sancións por incumprimento do contrato, dentro dos límites que establece o Regulamento Xeral de Contratación do Estado

VIXÉSIMO CUARTA.- INDEMNIZACIÓNS DE DANOS E PREXUÍZOS

Será obriga do contratista indemniza todos os danos e prexuizos que se causen a terceiros como consecuencia das operacións que requira a execución do contrato.

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i> CONTI1DR	<i>Expediente</i> CON/213/2009	<i>Fecha</i> 28-10-09 10:38

Cando tales danos e prexuízos fosen ocasionados como consecuencia inmediata e directa dunha orde do Excmo. Concello de Santiago de Compostela, será esta responsable dentro dos límites sinalados nas leis.

Para os efectos da responsabilidade que puidese derivarse para o adxudicatario por danos fronte a terceiros, por causa imputable á empresa ou a calquera dos seus elementos adscritos ao contrato, presentárase, previamente á formalización do contrato administrativo, seguro de responsabilidade civil en contía suficiente para a cobertura dos riscos que puidesen derivarse da relación contractual co Excmo. Concello de Santiago de Compostela.

Malia o anterior, o contratista non será responsable dos danos e perdas ocasionados cando sexan consecuencia dunha orde directa da Administración.

VIXÉSIMO QUINTA.- PAGAMENTO.

A retribución da prestación contratada a satisfacer polo Excmo. Concello de Santiago, realizarase mediante liquidacións mensuais acompañadas da factura correspondente que deberá ser presentada pola Entidade contratada diante do Servizo de Persoal, o cal realizará a supervisión da prestación contratada.

As liquidacións mensuais aboarase mediante transferencia bancaria, non asumindo a Corporación ningún tipo de gasto por tal concepto.

Os contratistas poden proceder a transmisión dos dereitos de cobro, para o cal será requisito imprescindible a notificación que dea fe ao Excmo. Concello de Santiago de Compostela do acordo de cesión e, en consecuencia, o recoñecemento da obriga e o pago serán realizados a favor do cesionario.

VIXÉSIMO SEXTA.- MODIFICACIÓN DO CONTRATO.


O contrato poderá ser modificado por razóns de interese público e causas imprevistas, xustificando debidamente súa necesidade no expediente e sen que ditas modificación poidan afectar as condicións esenciais do contrato.

VIXÉSIMO SÉTIMA.- EXTINCIÓN DO CONTRATO.

O contrato extinguirase por cumprimento de acordo cos termos do mesmo e a satisfacción do Excmo. Concello de Santiago de Compostela, por calquera das causas reguladas nos artigos 204 e seguintes da LCSP e no artigo 1156 do código civil.

VIXÉSIMO OITAVA.- PRAZO DE GARANTÍA.

O presente contrato queda exceptuado do prazo de garantía xa que pola súa especial natureza e características tal requisito non resulta necesario.



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i> CONTI1DR	<i>Expediente</i> CON/213/2009	<i>Fecha</i> 28-10-09 10:38

Sello o Certificación Mecánica

VIXÉSIMO NOVENA.- RESOLUCIÓN DO CONTRATO.

Ademais de polo seu cumprimento, o contrato poderá extinguirse polas causas previstas nos artigos 206 e 284 da LCSP, así coma polo incumprimento por parte do adxudicatario das obrigas sinaladas nas condicións técnicas deste contrato.

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i> CONTI1DR	<i>Expediente</i> CON/213/2009	<i>Fecha</i> 28-10-09 10:38

ANEXO I - MODELO PROPOSICIÓN ECONÓMICA.

D./D^a. -----, con DNI nº -----, e domicilio en c/ ----- nº -----, actuando no seu propio nome e dereito, ou en representación da Empresa -----, con domicilio en ----, rúa -----, C.P. --- Tfno. - -----, Fax -----, correo electrónico ----- e con CIF. -----, á que representa pola súa calidade de -----.

DECLARA:

PRIMEIRO: Que, enterado das condicións e requisitos que se esixen para a adxudicación do contrato de seguro de asistencia sanitaria para o persoal ao servizo da Excmo. Concello de Santiago de Compostela, solicita tomar parte no procedemento convocado a tales efectos e se compromete a tomar ao seu cargo a execución de dito servizo, con estricta suxeición ao prego de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que os definen, aceptando incondicionalmente cantas obrigas se deriven dos mesmos, polo seguinte importe total anual:

_____ euros/ano, impostos incluídos.

Oferta, así mesmo, os seguintes importes por asegurado e mes, en función dos tramos que se indican a continuación (impostos incluídos):

- De 700 a 750 asegurados ----- euros/persona/mes.
- De 751 a 800 asegurados ----- euros/persona/mes.
- De 801 a 850 asegurados ----- euros/persona/mes.

Así mesmo ofrece:

Valoración Económica das Melloras nas prestacións e servizos sanitarios: _____ euros.

Número de profesionais médicos ofertados, adscritos á execución do contrato: _____.

Número de establecementos sanitarios na Cidade que oferta o licitador: _____.

Número de establecementos sanitarios a nivel nacional ofertados: _____.

SEGUNDO: Que a todos os efectos debe de entenderse que, dentro da presente oferta, foi comprendido non só o precio de execución dos servizos obxecto de contratación, senon asimismo a totalidade de gastos que se definen no prego de cláusulas administrativas, obrigatorios para o contratista.

TERCEIRO: Que se compromete á estricta observancia das disposicións vixentes con respecto ao persoal que emplee na execución do contrato, especialmente en materia de legisxación laboral, de seguridade social, de prevención de riscos laborais e de protección de datos.

CUARTO: Que reúne todas e cada unha das condicións esixidas para contratar coa administración.

En ---- a ----- de ----- de 2009.

Sinatura do Licitador,

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i> CONTI1DR	<i>Expediente</i> CON/213/2009	<i>Fecha</i> 28-10-09 10:38

ANEXO II

Modelo de declaración de non atoparse en causa de prohibición ou incompatibilidade para contratar coa administración

D/D^a....., maior de idade, titular do DNI....., con domicilio ene actuando en nome propio (ou, de se lo caso, actuando en nome da entidade mercantilcon CIF número.....e con domicilio social en, representación que acredito por medio de escritura deoutorgada diante do Notario de, D/D^a....., o día, e co número de protocolo.....) declaro baixo a miña responsabilidade:

1.- Que non estou incurso en ningunha das causas de prohibición ou incompatibilidade para contratar coa administración recollidas na lexislación vixente en materia de contratos.

No caso de persoas xurídicas: que os administradores da persoa xurídica que represento non están incurso en ningunha das causas de prohibición ou incompatibilidade para contratar coa administración das enumeradas no artigos 49 e 50 da LCSP.

2.- Que estou o corrente no pago (que a persoa xurídica a que represento está ao corrente no pago) das tributarias e de seguridade social, nos termos establecidos polos artigos 13 e 14 do RXCAP.

3.- Que non teño pendente de pago (que a persoa xurídica a que represento non ten pendente de pago) ningunha débeda en período executivo no Concello de Santiago.

Todo o que manifesto baixo a miña responsabilidade para a presentación na licitación para a adxudicación mediante procedemento aberto do contrato de seguro de asistencia sanitaria médico quirúrxica, para os funcionarios (con ingreso anterior ó 01 de abril de 1993) e demais empregados públicos do Concello de Santiago, así como dos seus respectivos beneficiarios.

Data e sinatura

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i> CONTI1DR	<i>Expediente</i> CON/213/2009	<i>Fecha</i> 28-10-09 10:38

ANEXO III
(Modelo de Aval)

La Entidad _____ (1), con CIF nº _____, domicilio en (2) _____, nº _____, código postal _____, y en su nombre _____ (3), con poderes suficientes para obligarse en este acto, según resulta del bastanteo de poderes que se reseña en la parte inferior de este documento,

AVALA

A _____ (4), con NIF/CIF nº _____ en virtud de lo dispuesto en los artículos 83 y siguientes de la Ley 30/2007, de 30 de octubre, de Contratos del Sector Público, para responder de las obligaciones derivadas del expediente ____/____ (5) relativo a la contratación de _____ (6) tramitado por el Ayuntamiento de Santiago, en concepto de garantía _____ (7) por importe de _____ Euros (_____).

La entidad avalista declara bajo su responsabilidad, que cumple los requisitos previstos en el artículo 56.2 del Reglamento de Contratación Administrativa. Este aval se otorga solidariamente respecto del obligado principal, con renuncia expresa al beneficio de excusión y con compromiso de pago al primer requerimiento realizado por el órgano competente del Ayuntamiento de Santiago de Compostela, bien por sí o a través de la Caja General de Depósitos, con sujeción a los términos previstos en la legislación de contratos de las Administraciones Públicas, en sus normas de desarrollo y en la normativa reguladora de la Caja General de Depósitos.


El presente Aval estará en vigor hasta que el órgano de contratación del Ayuntamiento de Santiago de Compostela o quien en su nombre sea habilitado legalmente para ello, autorice su cancelación o devolución de acuerdo con lo establecido en la Ley de Contratos del Sector Público y legislación complementaria.

En _____ a _____ de _____ de _____

Fdo. _____

BASTANTEO DE PODERES POR LA ASESORÍA JURÍDICA DE _____ (8)
Provincia Fecha Número o código

(1) Nombre o razón social de la entidad avalista. (2) Domicilio de la entidad avalista. (3) Nombre y apellidos del Interventor de la entidad avalista.
(4) Nombre y apellidos o razón social de la empresa avalada. (5) Nº del expediente. (6) Objeto del contrato. (7) Garantía Provisional/Definitiva. (8) Cítese la Administración que bastantea el poder



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i> CONTI1DR	<i>Expediente</i> CON/213/2009	<i>Fecha</i> 28-10-09 10:38

Sello o Certificación Mecánica

Dilixencia: Para facer constar que, seguindo as instrucións da Intervención Municipal, na páxina 5 do prego se suprimiu a referencia ó artigo 174 do TRLHL, e se achega o prego modificado.

Santiago, 26 de novembro de 2009.

A XEFE DO SERVIZO,

Asdo.: Rocío Montañés Fernández